

EXERCICIOS RESOLTOS 4º ESO. SEMANA DO 8 AO 12 DE XUÑO

1ª SESIÓN

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

Páx. 202

10.

As formas corrixidas están subliñadas:

- Haiche moito energúmeno ceibo por aí adiante!
- Ai, ai, ai! como me doe a pisada que me deches aí no pé!
- A ver, quen vén con nós?
- Ten que haber moita xente no concerto de hoxe, pero se vas, a ver se nos vemos.
- Por aí adiante non vos hai ningún bar. Mirade a ver na outra rúa.

Páx. 203

21.-

- Ai, ai, ai, como sigas así vas suspender a materia.
- Hai que saber se foi aí onde perdeu o anel.
- Cando levou o golpe aí no patio non dixo nin ai.
- Non hai quen entenda a vosa letra.

Páx. 227

1.

A forma correcta vai subliñada:

- Onte deiteime bastante tarde e hoxe non podo co sono / soño.
- Nin en sonos / soños crin que puidésemos gañar ese partido!
- En vacacións sempre imos uns días ao pobo / á vila onde naceu a miña nai.
- Tes que desenvolver / desenrolar un pouco máis o tema, así está un pouco escaso.

- É mellor que desenvolvas / desenroles o fío antes de seguir, para que non se enmarañe.
- Sempre invertes / invistes o sentido do que che digo!
- En que invertes / invistes o teu tempo de lecer?
- Fixeron un á parte / aparte para explicar os cambios que van levar a cabo.
- Á cea van vir Xián e Comba, á parte / aparte de Carme que tamén dixo que viña.

2.

Exemplos: «Vou en dirección a Vigo», «O pobo europeo debería ser máis solidario coas persoas refuxiadas», «A estrema da leira chega até aquelas figueiras», «Moito lle gusta desenrolar o fío do carrete», «Ás veces soño con aprobar todo», «Á parte de ti, tamén virá Luís ao cinema».

3.

A forma correcta vai subliñada:

Finalmente, a noite anterior, con pouca esperanza xa pola miña parte e a unha hora pouco recomendable para andar de paseo, facilitáronnos o endereço no barzucho aquel de mala morte a onde o Agus insistiu en ir tomar a última. O certo é que el, á parte de ser pouco amigo de ir cedo para a cama, o que eu relacionaba cos seus frecuentes problemas para coller o sono, sempre tiña boa intuición para dar coa persoa exacta que nos proporcionaría a información necesaria para enfiar o caso. Encantados coa situación, aínda que tamén algo desconfiados, todo hai que dicilo, a iso das oito da mañá xa estabamos acendendo o meu Fiat Punto e tirando en dirección á vila onde nos indicaron que vivía o tal Marcelo Paredes, director de ConsFigura, a empresa de construción que deixara na estacada a Maribel. Acelerei o cacharro todo o que puiden, porque tal e como se estaba desenvolvendo o asunto, era consciente de que tiñamos que dar canto antes co fulano e non permitir que se chegase ao extremo de que o banco lle retirase o crédito á nosa clienta. Entre outras cousas, porque iso suporía que tamén nós teriamos dificultades para cobrar o traballo co que levabamos máis de dous meses a voltas.

Páx. 229

22.

Exemplos: «Na sexta feira déitome de madrugada e os sábados ando con sono», «Case nunca teño soños desagradables», «O punto e á parte separa dentro dun texto dous parágrafos distintos, que desenvolven ideas ou contidos diferentes», «Na representación desta obra de teatro non hai apartes», «A vila de Allariz está na provincia de Ourense», «O mago invertía as cartas para facer o seu truco», «O pobo galego non é dado a investir en bolsa», «Tivo que desenrolar o papel de agasallo para ver o contido da caixa».

5.

O estándar é a variedade común a todos os falantes dunha lingua que se superpón a todas as súas variedades (temporais, espaciais, sociais e situacionais). Emprégase nos medios de comunicación, na literatura, na descrición gramatical e lexicográfica e nos centros de estudo. Cando un falante coida máis o seu xeito de falar, nos usos formais da lingua, adoita empregar esta variedade, tanto na escrita como na oralidade.

– Os criterios que se seguiron para a elaboración do estándar foron catro:

1. Non se basearon nunha única variedade dialectal, senón que se prestou atención preferentemente á extensión xeográfica e demográfica das formas para seleccionar as normativas co fin de lograr que o maior número posible de falantes galegos se identificase coas solucións acordadas.
2. Débese recoñecer na súa propia literatura e cultura máis recentes, emparentando así con todos os escritores anteriores e aceptando solucións xa consagradas polo uso.
3. As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas.
4. A norma debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de alleo e innecesario hai incrustado na fala viva pola presión do español/castelán.

Esta é a derradeira actividade que vos proponho. Moitas grazas pola vosa participación e atención nestes momentos difíciles que compartimos.

Agora rematade ben o curso e descansade para volver o ano próximo con moita forza.

Un bicazo a todos.